


PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN

AO CONTEXTO DA COVID 19

NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE AMES

PARA O CURSO 2020-2021



ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN	3
2. ACCESO Á ESCOLA E INICIO DA ACTIVIDADE	4
2.1. Antes de vir á escola	4
2.2. AUTO- ENQUISA	5
2.3. Sala de illamento na escola	5
3. MEDIDAS XERAIS E USO DE ESPAZOS	6
3.1. Medidas xerais para a comunidade EMMA	6
3.2. Espazos e instalacións	7
3.3. Ventilación	7
3.4. Limpeza de espazos	8
4. MEDIDAS CONCRETAS DAS AULAS/ CLASES DA EMMA	9
4.1. Clases colectivas: Linguaxe Musical, Música e Movemento	10
4.2. Clases individuais instrumentais/vocais	10
4.3. Agrupacións	11
4.4. Formación Non- presencial	11
5. CASOS POSITIVOS OU SOSPEITOSOS	12
5.1. Como proceder nun illamento na escola	12
5.2. Comunicación de casos positivos	12

1.INTRODUCCIÓN

O presente protocolo ten por obxecto crear unha contorna saudable e segura mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben tomarse no inicio e no desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, na Escola Municipal de Música de Ames, tanto por parte do persoal da escola como por parte do alumnado e das súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

O conxunto de medidas incluídas no presente protocolo foron extraídas de:

- Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, elaborado polas consellarías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade (versión 22-07-2020).
- Instrucións para escolas de música publicadas no DOG 126 do 27 de xuño de 2020; así como as medidas xerais de hixiene básicas para toda a poboación.
- Instrucións polas que se incorporan actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G No 174 Bis Do 28-08-2020) e a actualización das Recomendacións Sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o Curso 2020-2021 (versión 31-08-2020)
- Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o Curso 2020-2021 (versión 16-09-2020)

Estas medidas serán obxecto de revisión continúa en función de evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades sanitarias autonómicas e estatais e iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

2. ACCESO Á ESCOLA E INICIO DE ACTIVIDADE

2.1 Antes de vir á escola

Non acudir ás clases da Escola Municipal de Música de Ames, no caso de ter algún sintoma que puidese estar relacionado coa Covid-19 ou no caso de detectarse sintomatoloxía compatible con esta enfermidade en calquera membro da unidade familiar ou de convivencia á que se pertenza.

Síntomas respiratorios:	<ul style="list-style-type: none">● Febre superior a 37,5 °C● Tose seca● Dificultade respiratoria
Outros síntomas	<ul style="list-style-type: none">● Fatiga severa (cansazo)● Dor muscular● Falta de olfacto● Falta de gusto● Diarrea

Así mesmo, deben tomarse as medidas de prevención e illamento pertinentes en caso de convivir con algunha persoa á que se lle confirmara un positivo por Covid-19 ou que estea en sospeita de dar positivo

No inicio do curso deberá entregarse cuberta unha declaración responsable que recolla a aceptación do indicado neste punto. Así mesmo, comunicaránselle a cada profesor/a dous teléfonos de contacto do alumnado e un enderezo de e-mail de uso frecuente.

O medio oficial de comunicación da EMMA co alumnado e coas familias seguirá sendo a aplicación TOKAPP, polo que será importante ter instalada esta aplicación nun dispositivo. Se ao longo do curso variase algún número de teléfono ou e-mail do alumando, é importante que o comuniquen á Secretaría da EMMA (Casa de Cultura do Milladoiro).

2.2 AUTO-ENQUISA

Recomendase á toda a comunidade educativa realizar a autoenquisa diaria de síntomas para comprobar, antes de acudir ao centro, se existen síntomas compatibles cunha infección por SARS- CoV-2. A enquisa non ten que comunicarse aos centros educativos, pero tomaranse as medidas oportunas en función do resultado da autoavaliación, e avisarase ao centro da ausencia. (Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o Curso 2020-2021 da Xunta de Galicia; versión 16-09-2020)

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

2.3 Sala de illamento na escola

No caso de que, a pesar de realizar a autoenquisa e resultar negativa, un/unha alumno/a presentase síntomas compatibles con infección por SARS-Cov-2 no momento de chegar ao centro ou **durante a estadía na escola**, contactarase coa familia ou coa persoa de referencia e esta deberá presentarse no centro á maior brevidade posible; mentres, habilitarase a **AULA 6** como **espazo de illamento individual** para estas persoas. Por ese motivo, ao inicio do curso, deberán comunicárselle ao profesorado dous teléfonos de contacto do alumnado e un enderezo de e-mail de uso frecuente.

3. MEDIDAS XERAIS E USO DE ESPAZOS

A Escola Municipal de Música de Ames terá en conta os requisitos de hixiene e seguridade necesarios: dispensadores de xel hidroalcohólico, dispensadores de panos de usar e tirar nas aulas e nos espazos comúns, máscaras, papeleiras con tapa, etc.



Lembraranse, mediante cartellaría, as normas básicas: utilización de máscaras; hixiene de mans; distancia entre persoas de 1,5 metros (exceptuando nas clases de instrumentos de vento e nas clases de canto, nas que a distancia de seguridade será de 3 metros); evitar tocar nariz, boca e ollos; ao tusir ou esbirrar tapar a boca e o nariz cun pano de papel e tiralo nunha papeleira con tapa; evitar tocar obxectos e utensilios de zonas comúns etc.



3.1. Medidas xerais para a comunidade EMMA

Só se poderá acudir ás clases da Escola Municipal de Música de Ames, no caso de **NON TER SÍNTOMAS** que puidesen estar relacionados coa Covid-19; Non se poderá asistir a clase se se detecta sintomatoloxía compatible con esta enfermidade en membros da unidade familiar ou de convivencia (ver punto 2. Antes de ir á escola).

Mentres as condicións sanitarias non garantan unha maior seguridade, o profesorado e o alumnado só poderán permanecer na escola durante o tempo que duren as clases. **Os pais/nais ou as persoas que leven alumnos/as á escola, como norma xeral, non poderán acceder ao centro.**

Estas son as medidas principais para ter en conta no acceso ao centro:

	<p>Respectar a porta de acceso (principal) e a de saída (posterior) Establecerase unha porta de acceso (principal) e unha de saída (posterior), para crear dúas vías de movemento dentro do edificio que eviten as aglomeracións no inicio e na fin das clases, especialmente nas clases das grupais. As familias poderán acompañar o alumnado ata á porta de entrada e agardar a súa saída pola porta traseira. Nos tempos de espera antes e despois da clase, alumnado e familias deberán garantir a distancia de 1,5 metros.</p>
	<p>Desinfectar as mans ao entrar no edificio Será obrigatorio desinfectar as mans ao entrar no edificio, así como antes e despois de cada clase, ou ao ter contacto con zonas comúns. Para isto haberá dispensador de xel hidroalchólico nos accesos e nas aulas.</p>

	<p>Entrada e saída do centro e recollida do alumnado</p> <p>Será fundamental que as familias sexan moi puntuais , especialmente na recollida do alumnado. Se é posible, deberán estar 5 minutos antes da fin da clase individual e 10 minutos antes do remate das clases colectivas.</p>
	<p>Na actividade formativa de conservatorios escolas de música e danza, todo o profesorado e alumnado, que non utilice instrumentos de vento, deberá levar máscara durante toda a clase, respectando a distancia mínima de seguridade.</p> <p>O alumnado e o profesorado de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento de uso do instrumento; neste caso recoméndase o uso doutros elementos de protección, como pantallas o mamparas de separación, así como evitar situarse enfronte doutros intérpretes (DOG 27 de xuño de 2020). O uso da máscara será obrigatorio con independencia do mantemento da distancia interpersoal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico. Será obriga do alumnado traer, ademais da máscara arriba indicada, un estoxo ou bolsa para gardala e unha segunda máscara de recambio para o caso de precisala.</p>

O **non cumprimento** das normas establecidas neste protocolo, e das posibles revisións que se poidan facer, tanto por parte do persoal docente e non docente como por parte do alumnado, poñerase en coñecemento da Dirección da EMMA e/ou da Concellaría de Cultura, para que este comportamento sexa avaliado e se determine se pode ser motivo da oportuna sanción.

3.2 Espazos e instalacións

Unha empresa especializada en prevención de riscos laborais revisou as instalacións da Escola Municipal de Música de Ames en Aldea Nova, para garantir o súa adecuación ás funcións previstas en cada unha das aulas, así como a súa capacidade e as posibilidades de ventilación.

As aulas, que polas súas condicións non cumpren coas dimensións mínimas requiridas, trasladarán a súa actividade frecuente a outra aula de maiores dimensións, como é o caso da materia de canto, que deberá impartirse nunha aula de maiores dimensións. Na medida do posible, as agrupacións utilizarán sempre a aula de conxunto.

3.3. Ventilación

O edificio, que conta con ventilación mecánica, combinará o funcionamento durante a actividade da escola con tarefas de ventilación periódicas, na medida que as instalación o permitan.

As recomendacións a centros educativos establecen tarefas de ventilación frecuente nas instalacións coas medidas de prevención de accidentes necesarias “cando as condiciones meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible”, “débase aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de circulación do aire interior” (Protocolo de adaptación ao contexto da

covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021/ versión 16-09-2020). O noso centro, ao non ter ventás en moitas das aulas que poidan abrirse durante a actividade, utilizará a porta como reforzo de ventilación. Por este motivo, para deixar tempo para a necesaria ventilación, as clases rematarán antes, 5 minutos, se son clases individuais, e 10 minutos, se non clases colectivas.

3.4 Limpeza de espazos

A limpeza deberá incrementar e reforzarse nas aulas e nos espazos comúns.








As recomendacións a calquera tipo de centro de ensinanza non universitaria indican que será obrigatoria “limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día, así como de zonas de uso compartido”. Seguindo estas recomendacións, á parte da limpeza diaria habitual, está previsto que durante toda a tarde o persoal de limpeza se encargue de desinfectar especialmente zonas de uso común e superficies de contacto como baños, corredores, mesas, cadeiras, pomos de portas, chan, etc. Ademais, recoméndase limpar e desinfectar con maior periodicidade o chan das aulas de instrumentos de vento (DOG 27 de xuño de 2020).

Dado que as instalacións de Aldea Nova son tamén de usos múltiples, as aulas da Escola Municipal de Música de Ames reservaranse, na medida do posible, para a actividade da escola e evitárase compartilas con actividades alleas. Se na mesma aula houberse outra actividade, o **Concello garantirá a desinfección dese espazo** para o seu uso posterior por parte da Escola de Música.

O servizo de limpeza terá en consideración as medidas de hixiene e limpeza indicadas nos protocolos de adaptación ao contexto da Covid-19 en Galicia para este tipo de instalacións.

4. MEDIDAS CONCRETAS DAS AULAS/CLASES DA EMMA

- 🕒 Como esquema xeral deberán seguirse estas normas:

	<ul style="list-style-type: none"> 🕒 A distancia de seguridade do profesorado/alumnado na escola será de: <ul style="list-style-type: none"> 🕒 - 1,5 m de forma xeral e sempre con utilización de máscara. 🕒 - 3 m para os instrumentistas de vento e para os/as cantantes. A máscara só poderá retirarse no momento de tocar os instrumentos de vento.
	<p>Evitarase todo o posible compartir material como lapis, libros, pequenos instrumentos, etc. Os instrumentos musicais que compartan varios alumnos/as desinfectaranse tras o seu uso por cada alumno ou alumna. (DOG 27 de xuño de 2020).</p>
	<p>O alumnado colaborará nas tarefas de desinfección do seu espazo de uso (mesa, cadeira) ou de material común que se utilice, baixo a supervisión do profesorado.</p>
	<p>Evitarase levar ás aulas todo material que non sexa imprescindible, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado. Procurarase non traer mochilas, bolsas, chaquetas... que non sexan necesarias para a actividade. Na medida do posible, deberá retirarse dos espazos das aulas aquel mobiliario que non se estea a utilizar.</p>
	<p>Nas clases que impliquen danza e baile deberase levar a máscara durante toda a clase e evitarase, no posible, o contacto físico. (DOG 27 de xuño de 2020).</p>
	<p>Evitarase o contacto físico entre o profesorado e o alumnado, mais sabendo do necesario que é para o alumnado que comeza a tocar un instrumento, poderanse dar guías ou referencias na posición corporal, presión a exercer, colocación das mans, dedos, cabeza,... O contacto será exclusivamente neses casos de necesidade, de forma breve e sempre con máscara e desinfección de mans ou uso de luvas.</p>
	<p>Deixarase un tempo mínimo de 5 minutos para a ventilación e limpeza das aulas nos cambios de alumnos/as nas clases individuais, e de 10 minutos nas clases colectivas. Por este motivo, as clases rematarán 5 ou 10 minutos antes, dependendo de se son individuais ou colectivas.</p>

- 🕒 **A distancia de seguridade está fixada como norma xeral en 1,5 m** utilizando, ademais, máscara en todo o centro. Segundo a aclaración dos protocolos antes mencionados do 31 de agosto de 2020, para Conservatorios e Centros autorizados de Música e Danza, indícase que os **instrumentistas de vento e cantantes deberán manter unha distancia de 3 metros** (nas disciplinas ou

actividades que impliquen intervención de orquestra, banda de música ou agrupacións similares deberá igualmente manterse esa distancia mínima entre os instrumentistas de vento). Esa mesma indicación esténdese ás materias ou disciplinas de canto, instrumentos de vento e acompañamento de piano a instrumentistas de vento e/ou cantantes.

4.1 Clases colectivas: Linguaxe Musical, Música e movemento

- Entrarase e sairase de maneira ordenada, garantindo a distancia mínima de 1,5 m.
- Reorganizarase a clase para poder ter a distancia interpersonal necesaria entre o alumnado, así como co profesor/a.
- Se fose preciso, valorarase reducir o número de alumnos/as ou desdobrar certos grupos en dúas quendas de media hora de clase con apoio de titorías. A posible reorganización de grupos será supervisada polo/a docente da especialidade.
- Poderase cambiar a metodoloxía da clase para adecuala ás medidas hixiénicas e para evitar o contacto físico.
- Evitarase compartir material escolar. No caso de que o alumnado empregue material musical da aula, este deberá desinfectarse. O alumnado colaborará coas tarefas de desinfección da súa zona (cadeira, mesa, materiais usados).
- Nas clases colectivas, a cada un dos alumnos e alumnas asignaráselles un lugar e deberán permanecer ao longo do curso nese mesmo lugar asignado, evitando aumentar o risco de contacto.

4.2 Clases individuais instrumentais/vocais

- Na medida do posible, será recomendable que o alumno traia o seu propio atril e partituras.
- Os instrumentos musicais que compartan varios alumnos/as deberán desinfectarse tras o seu uso por cada alumno/a coa solución desinfectante que haberá para este fin nas aulas (piano, percusión/batería, micrófono...)
- Nas clases de instrumento de vento (saxofón, frauta) e de canto é importante respectar a distancia de 3 METROS e será recomendable instalar mamparas de separación entre o alumnado e o profesorado como reforzo, debido ao movemento de aire que se xera e especialmente nos casos onde non é posible usar máscara. Ademais, as aulas de instrumentos de vento e canto terán facilidade na ventilación e nelas recoméndase deixar a ventá aberta durante toda a clase.
- Non se permitirá limpar os instrumentos de vento dentro da aula. A súa limpeza deberá realizarse fóra ou na casa e será necesario colocar unha papeleira de pedal fóra da aula para baleirar a auga destes instrumentos.

4.3 Agrupacións

Todas as agrupacións (agás as agrupacións pequenas ou combos) realizaranse na **Aula 10**, e sempre que se poida garantir a distancia mínima de 1,5 metros entre os e as participantes e o uso da máscara, ou de 3 metros no caso dos instrumentos de vento ou no caso do canto. **Se fose preciso, reducirase o número de alumnos/as ou faranse quendas** para participar nestas agrupacións.

Coros e agrupacións vocais, segundo as instrucións publicadas no DOG:

1. Nas actuacións que impliquen a participación de coros e agrupacións vocais de canto deberá asegurarse que se respecte en todo momento a distancia de seguridade interpersonal entre os e as integrantes do coro ou da agrupación e, polo menos, de 3 metros entre estes e o público.

2. Será obrigatorio, en calquera caso, o uso de máscara durante toda a actuación.

3. As condicións sinaladas nos puntos anteriores deberán respectarse durante as actividades de ensaio dos coros o agrupacións vocais de canto.

Por todo isto, a Escola Municipal de Música de Ames poderá limitar o número de participantes ou adaptar este tipo de agrupacións procurando outras opcións pedagóxicas que garantan a seguridade do alumnado, cando menos, durante este curso.

Outras agrupacións musicais, segundo as instrucións publicadas no DOG:

1. Durante a actuación e ensaios de orquestras, bandas e outras agrupacións musicais, as persoas integrantes deberán manter a distancia de seguridade (1,5 m para os integrantes que poidan usar máscara e 3 metros para os instrumentos de vento e canto). Se non fose posible, reducirase o número de compoñentes de maneira que se cumpra coa distancia.

2. Todos os e as compoñentes da orquestra, banda o agrupación musical que non sexan intérpretes de instrumentos de vento ou vocalistas deberán levar máscara durante toda a actuación ou ensaio. Os vocalistas e os intérpretes de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento da súa intervención vocal ou durante o uso do instrumento; deberán manter a distancia de seguridade durante a súa actuación e os ensaios e evitarán situarse en fronte doutros intérpretes. Nestes casos recoméndase o uso doutros elementos como pantallas o mamparas de separación.

4.4 Formación Non-Presencial

A formación non presencial poderá contemplarse como alternativa á presencial nos seguintes casos:

- No caso de que as autoridades decretasen unha nova suspensión xeral das actividades lectivas no noso centro ou nalgún grupo concreto.
- No caso de que as autoridades sanitarias e educativas impoñan o réxime de corentena a un ou varios alumnos dun grupo, ao grupo completo ou ao profesor ao longo do presente curso.

Ao non dispor a EMMA dunha plataforma on-line propia para o desenvolvemento da actividade telemática, o profesorado utilizaría neste caso preferentemente aplicacións gratuítas (Skype, Zoom, E-mail, Google Drive, WhatsApp ou similares) e manterase un horario similar ao das clases presenciais.

O Concello está a estudar un regulamento de tele-traballo aplicable.

5. CASOS POSITIVOS OU SOSPEITOSOS

A Escola de Música Municipal de Ames activará os protocolos específicos de xestión de casos positivos que determine o Concello de Ames seguindo as indicacións do SERGAS.

5.1 Como proceder nun illamento na escola

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV- 2 en alumnado menor, durante a estadía no centro ou no momento da chegada procederase do seguinte xeito:

- 1) Illamento do/a alumno/a nunha sala dedicada a esta función (AULA 6) mentres non se xestiona o seu traslado Este espazo de illamento deberá ter ventilación, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e unha máscara de reposto.
- 2) Contactarase coa súa familia ou persoa de referencia para que se presente no centro na maior brevidade posible e recolla o/a alumno/a.
- 3) Solicitarase consulta telefónica co seu médico ou médica e este ou esta profesional sanitario valorará se é ou non oportuna a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID- 19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con ela non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e este sexa negativo; ou seguir as indicacións sanitarias facilitadas no centro médico. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado ao centro para unha mellor garantía da seguridade da comunidade educativa e para a posible adaptación da actividade formativa.

5.2 Comunicación de casos positivos

No caso en que algún alumno ou alumna sexa un caso positivo por Covid-19, ou sexa caso sospeitoso por ser contacto ou convivinte, deberán seguirse as medidas de illamento recomendadas polos servizos sanitarios e ademais de comunicarlle ao seu centro médico que participa das actividades na Escola Municipal de Música de Ames, e na forma en que o fai (clases colectivas, clases individuais,...).

Será importante que a persoa afectada ou a súa familia **comunique ao centro a situación**, para poder dar mellor garantía de seguridade a toda a comunidade educativa e posibilitar unha adaptación da actividade formativa, se fose necesario. O xeito de **comunicación preferente neste caso** é informar a secretaría da EMMA (Casa da Cultura do Milladoiro), por algún destes medios:

- Teléfono 981 535 940
- Mail: almudena.caamano@concellodeames.gal



A secretaría informará da situación ás persoas responsables de Cultura do Concello para activar as accións que se consideren necesarias, e informará ao persoal docente, se fose o caso.